



Estimadas familias:

Mediante esta comunicación, solicitamos a vosa colaboración na actividade chamada “**O mercatroco de libros**” que se desenvolverá **o xoves 19 de maio de 2022**, co gallo da semana cultural do centro na que se pon en valor a importancia que os libros e a lectura teñen na nosa educación e, ao mesmo tempo, coa intención de honrar a figura de **Florencio Delgado Gurriarán**, como autor ao que se dedica o **Día das Letras Galegas 2022**.

Esta actividade consiste en que **dende o martes 10 de maio e ata o mércores 18 de maio** cada neno ou cada nena **poderá traer da súa casa 1 ou 2 libros** (máximo 2), que xa teña lido e que queira intercambiar con outro nenos ou con outra nena para que tamén poida gozar da súa lectura (mellor usado e que non sexa comprado para a ocasión). É importante que lles expliquedes e **entendan que ese ou eses libros que aporten non os van recuperar**, sobre todo cos máis pequenos aos que lles custa máis desprenderse deles. Pídesevos, ademais, que os libros aportados estean en bo estado de uso e sexan adecuados á idade dos vosos fillos e das vosas fillas.

Por cada libro que aporten se lles fará entrega dun billete polo valor de “**1 Fontiño**”, que será a moeda oficial das Letras Galegas de 2022, e necesaria para poder comprar libros no “Mercatroco de libros” que imos desenvolver na mañá do venres 20 de maio.

É importante que todos os nenos e nenas traian algún libro para poder participar da actividade e que ninguén quede sen libro.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega e Biblioteca